

Información de mobilidades Erasmus + Ciclos Formativos Grao medio e Básico

O alumnado de ciclos formativos de grao medio e básico interesados en realizar mobilidades de prácticas (FCT) no estranxeiro durante o curso 2024-25 deben revisar esta [convocatoria](#)

Resolución do 10 de setembro de 2024 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado de ciclos formativos de grao básico e grao medio de centros educativos públicos que forman parte do Consorcio de **mobilidade do proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA121-VET-000147461** no curso 2024-2025..

Poderán concorrer a esta convocatoria as persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) **Estar matriculadas durante o curso 2024-2025** nun ciclo formativo de grao básico ou grao medio de Formación Profesional ou nun curso de especialización de Formación Profesional de grao medio, nalgún dos centros educativos que se relacionan no anexo I, e estar en condicións de acceder á realización da Formación en Centros de Traballo (FCT) ou de realizar un período de formación práctica en empresa antes do comezo da mobilidade.

b) **Ter obtido unha titulación de grao básico ou grao medio de Formación Profesional ou certificado dun curso de especialización de Formación Profesional de grao medio** nalgún dos centros educativos que se relacionan no anexo I durante os 12 meses anteriores á finalización da mobilidade prevista.

Criterios de selección:

Os que aparecen na convocatoria tendo en conta os apartados seguintes.

- 1.- Expediente académico (máximo 4 puntos).
- 2.- Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):
- 3.- Entrevista persoal (máximo 4 puntos)
- 4- Persoas participantes con menos oportunidades: recibiran 2 puntos
- 5.- Criterios de desempate. No caso de empate darase prioridade ás persoas solicitantes con menos oportunidades. Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo

Fases de presentación de solicitudes	Prazos
Resolución da convocatoria	10 de setembro de 2024
Presentación de solicitudes (anexo II)	Ata o 16 de decembro 2024
Reunión da comisión avaliadora	Do 10 xaneiro de 2025
Acta provisional de admitidos/excluídos	14 de xaneiro 2025
Reclamacións	Do 14 ao 24 de xaneiro de 2025
Acta definitiva de admitidos/excluídos	27 de xaneiro de 2025

Envío de documentación á Consellería:

1. Solicitudes (Anexo II)
 2. Certificado de titularidade bancaria
 3. Folla de cálculo
 4. De ser o caso, compromiso de viaxe ecolóxica
- Do 27 ao 29 de xaneiro 2025

Presentación de solicitudes

O alumnado que reúna os requisitos para participar nesta convocatoria presentará no seu centro educativo a solicitude normalizada ([Anexo II](#)), xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados, nos prazos que o centro estableza. No caso de existir crédito dispoñible, os centros educativos poderán establecer novos prazos de presentación de solicitudes durante a vixencia do proxecto.

As solicitudes (anexo II) e os méritos poderán ser recollidos e serán entregados, unha vez cubertas, na secretaría do centro.

A continuación, achéganse unha serie de documentos anexos, con información de interese sobre esta convocatoria e adxunto co anexo de solicitude descargable.

No caso de dúbidas ou preguntas, contactar coa **Coordinación Erasmus Ciclos** a través do seguinte correo electrónico: **programas.internacionais.ies.lamas.abade@edu.xunta.gal**